

CADERNO DA NOSA VIAXE A FRANCIA
INTERCAMBIO A LARACHA - LES SABLES D'OLONNE
(13 AO 20 DE MAIO DE 2024)

1º DÍA:

Hoxe saímos ás 7:30 da mañá, da explanada do instituto, para ir a O Porto a coller o avión que nos levou a Nantes. Alí, esperábanos unha profesora francesa para levarnos á estación para coller o tren para ir a Les Sables d'Olonne onde nos esperaban os nosos “correspondants” e as súas familias.



2º DÍA:

Hoxe pola mañá estivemos visitando a cidade de Nantes para coñecer a súa historia, despois comemos nun lugar ao aire libre e despois de comer visitamos a “Illa das máquinas”, finalmente tivemos tempo libre antes de volver.





3º DÍA:

O día de hoxe fomos a almorzar ao colexio e estar dúas horas nas clases, xantamos nun buffet dun restaurante chino, despois visitamos a cidade de Sables e acabamos cunha visita no concello.



4º DÍA:

No día de hoxe a primeira hora da mañá chegamos ao instituto e fomos as clases dos nosos correspondants, despois dirixímonos ao Zoo, e volta ao instituto para comer. Ao rematar de comer tivemos clase e ao finalizar esta viñemos ao obradoiro de crêpes.




5º DÍA:

Hoxe fomos ás salinas. Alí explicáronnos como se recolle o sal, despois fixemos un xogo de preguntas e comemos. Despois de xantar fomos dar un paseo en kayak e por último todas as familias ceamos xuntas na escola.



6º DÍA:

Hoxe, algúns fomos ao centro comercial da cidade, mentres que outros foron á praia. Dedicámonos a pasear e a comprar recordos para as familias, despois de xogar aos bolos.



7º DÍA:

Hoxe as familias leváronnos a todos a un parque de espectáculos temáticos chamado Puy du Fou, e estivemos alí todo o día. Algúns estiveron co seu “correspondant” e coa familia e outros estivemos co resto de alumnos.



8º DÍA:

Hoxe foi o noso último día en Les Sables d'Olonne, pola mañá estivemos coas familias, algúns foron a un aquarium e outros a patinar sobre xeo. Pola tarde, tras a despedida no aeroporto, collemos o avión para O Porto e alí un bus que nos levou a Laracha.

